
	Código de Bo Goberno	Edición: 01. Data: 22/09/2023

Contido

<u>PRESENTACIÓN</u>	<u>2</u>
<u>FINALIDADE, OBXECTIVOS E DESTINATARIOS DO CÓDIGO DE BO GOBERNO</u>	<u>4</u>
Finalidade	4
Obxectivos	4
Destinatarios	4
<u>PRINCIPIOS DE BO GOBERNO E COMPROMISOS DE ADISBISMUR</u>	<u>6</u>
1.- Coherencia coa misión e a cultura de Adisbismur.	6
2.- Democracia, gobernanza e participación.	7
3.- Xestión responsable, excelente e independente	8
4.- Transparencia e rendición de contas.	9
<u>POLITICA DE LOITA CONTRA O FRAUDE</u>	<u>10</u>
Declaración institucional de Adisbismur contra o fraude	10
<u>O CANAL ÉTICO E DE DENUNCIAS INTERNO</u>	<u>11</u>
<u>VULNERACIÓN O INCUMPRIMENTO</u>	<u>12</u>
Consecuencias do incumprimento das normas contidas no código	12
<u>SEGUIMENTO E MODIFICACIÓN</u>	<u>13</u>
<u>VIXENCIA</u>	<u>14</u>

	<h2>Código de Bo Goberno</h2>	<p>Edición: 01. Data: 22/09/2023</p>
---	-------------------------------	--

PRESENTACIÓN

A Asociación Adisbismur ten un compromiso firme e irrenunciable co bo goberno corporativo e coa transparencia, derivado da súa cultura institucional e manifestado como deber nas súas normas reguladoras (Estatutos e Código Ético). Para enfatizar este compromiso, decidiuse dotar dun Código de Bo Goberno propio, contido neste documento, e que adquire, tras a súa aprobación polos órganos directivos da Entidade, o carácter de norma reguladora propia e específica destes aspectos.

Ademais de como proba de voluntariedade, en España, dada a aprobación da **Lei 19/2013, do 9 de decembro de Transparencia, Acceso a Información Pública e Bo Goberno**, as organizacións con relacións e vínculos coa Administración Xeral do Estado deben incorporar os principios que dita norma establece.

O concepto de goberno corporativo refírese o conxunto de principios e normas que regulan o diseño, integración e funcionamento dos órganos de goberno como entidade como clave para avanzar nunha gobernanza responsable.


Neste contexto, Adisbismur elaborou o presente Código de Bo Goberno, concretando os principios que deben rexir a relación entre os órganos de goberno dunha entidade e as súas partes interesadas, que se suman o conxunto de normas reguladoras da súa actividade:

ESTATUTOS

- Norma que rixe a actividade de Adisbismur e que regula:
- Constitución, misión, obxeto, duración, personalidade xurídica.
- Órganos
- Réximen económico e financeiro
- Proceso electoral
- Disolución

CÓDIGO ÉTICO

- Definición dos valores éticos que guían a actividade de Adisbismur, de acordo coa súa cultura propia, para as persoas que integran os órganos de goberno, o equipo humano e as persoas colaboradoras.
- Definición do Consello de Ética e das súas Funcións
- Compromiso pola Excelencia

	<h2>Código de Bo Goberno</h2>	<p>Edición: 01. Data: 22/09/2023</p>
---	-------------------------------	--

CÓDIGO DE BO GOBERNO


- Referencia no bo exercizo do poder das persoas que constituen Adisbismur garantizando que actúan conforme os principios do bo goberno e protexendo, así, a todos os seus grupos de interese.
- Concreción dos principios do bo goberno de Adisbismur e dos compromisos para o seu desenrrolo.

POLITICA INTERNA CANAL ÉTICO E DE DENUNCIA

- Procedemento de comunicación de condutas ou feitos relacionados cunha actuación u omisión da que puidera derivar nunha conducta ilícita, con especial atención a aquelas condutas relacionadas directa o indirectamente con Adisbismur que puideran derivar nun ilícito penal.

POLITICA DE PRIVACIDADE E DE PROTECCIÓN DE DATOS.

Medidas que aplica Adisbismur para garantir a seguridade e o uso ilícito dos datos personais que recolle e que manifesta noso compromiso de cumprir en todos os tratamentos cos requisitos do Regulamento Xeral de Protección de Datos (RXPD) e da Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos Personais e Garantía de Dereitos Dixitais (LOPDGDD).

	Código de Bo Goberno	Edición: 01. Data: 22/09/2023
---	-----------------------------	----------------------------------

FINALIDADE, OBXECTIVOS E DESTINATARIOS DO CÓDIGO DE BO GOBERNO.

FINALIDADE

- O Código de Bo Goberno de Adisbismur nace coa finalidade de **ser unha referencia no bo exercizo do poder das persoas que gobernan e dirixen Adisbismur**, garantizando que actúan conforme os principios do bo goberno e protexendo, así, a todos os seus grupos de interese.

OBXECTIVOS

- **Transmitir a cultura de Adisbismur** de maneira coherente con determinados valores os que se lles **conferiu** o rango de éticos na organización e de acordo cos principios do bo goberno.
- **Servir de orientación e guía no goberno de Adisbismur** e persoas asociadas, na medida en que participan na dirección colexiada de Adisbismur.
- **Ser unha ferramenta para actuar dende a transparencia e a rendición de contas**, mellorando os procesos de toma de decisións dende a gobernanza e a coherencia no exercizo da responsabilidade de maneira transversal en toda a organización.


DESTINATARIOS

- **CEE e persoas con discapacidade**, porque son parte integrante e esencial de Adisbismur.
- **As persoas que integran os órganos da Xunta Directiva e os/as traballos/as.**
- Tamén **as persoas as que afectan directamente as suas decisións**, o conxunto de grupos de interese clave, deben coñecerlo para poder pedir contas sobre a xestión da organización.

Os grupos de interese clave de Adisbismur

Hacer dibujo

 	<h2>Código de Bo Gobierno</h2>	<p>Edición: 01. Data: 22/09/2023</p>
---	--------------------------------	--

 	Código de Bo Goberno	Edición: 01. Data: 22/09/2023
---	-----------------------------	----------------------------------

PRINCIPIOS DE BO GOBERNO E COMPROMISOS DE ADISBISMUR

1.- Coerencia coa misión e a cultura de Adisbismur.


O obxectivo esencial e último de Adisbismur é conseguir unha sociedade que ofrezca a igualdade de oportunidades para todas as persoas.

Para iso Adisbismur representa a todas as persoas con discapacidade da comarca, a vez que desenrolla unha serie de servizos e actividades co fin de conseguir unha integración laboral, social e persoal as persoas con discapacidade.

COMPROMISOS

Adisbismur para o cumprimento do seu propósito está traballando pola integración do maior número de persoas con discapacidade no mundo laboral, pola igualdade de oportunidades e pola súa inclusión e participación na sociedade en todas as súas actuacións e para iso comprometémonos a :

- **Cumprir todas as normas reguladoras da actividade de Adisbismur**, conformadas polos seus Estatutos, seu Código Ético e o presente Código do Bo Goberno.
- **Asumir como propios os proxectos e políticas de Adisbismur**, orientando a nosa estratexia en función das necesidades das persoas traballadoras con discapacidade que empregan, non poñendo nunca as prioridades en función de tomas de posición que non procedan de acordo o Código Ético e con este Código de Bo Goberno.
- **Definir e aplicar un sistema de indicadores para a avaliación dos avances** na consecución da misión da organización.
- **Promover o uso adecuado da imaxe das persoas con discapacidade**, defendendo unha imaxe social das mesmas acorde coa visión de dereitos e o enfoque inclusivo.
- **Conseguir a plena igualdade entre mulleres e homes**, tanto na esfera representativa, de incidencia política, como na esfera interna, corrixindo os desequilibrios todavía existentes e previndo potenciais desequilibrios futuros.
- **Desenrollar accións de comunicación para dar a coñecer a misión da organización** e para promover a cultura de Adisbismur, no ámbito interno e externo da organización.
- Antepoñer nosa responsabilidade institucional e de xestión a outros intereses persoais.

	<h2>Código de Bo Goberno</h2>	<p>Edición: 01. Data: 22/09/2023</p>
---	-------------------------------	--

2.- Democracia, gobernanza e participación.


Adisbismur actúa sumando, aunando e articulando coerentemente as distintas voluntades e sensibilidades dos seus asociados.

Defende a participación e implicación dos seus socios, de acordo coas súas normas reguladoras, na elaboración e toma de decisións e nos órganos de representación e goberno da Entidade, según a súa idiosincrasia, aumentando a corresponsabilidade, a lealtade, a tolerancia, a fidelidade e o sentimento de pertenza que promoven a confianza, incrementen a credibilidade e fortalezan a cultura organizacional.

COMPROMISOS

As persoas de Adisbismur con responsabilidade institucional e de xestión defenderemos a democracia, gobernanza e participación dos grupos de interese clave e para iso comprometémonos a :

- **Articular e aplicar sistemas de elección democráticos e limpos**, cunha xestión e comunicación transparente das candidaturas.
- **Asegurar un trato igual e sen discriminacións de ningún tipo no exercizo das nosas funcións**, promovendo e garantizando a igualdade de oportunidades en toda a organización.
- **Identificar e aplicar criterios de incompatibilidade** profesional para formar parte dos órganos de goberno.
- **Participar activamente, según a nosa propia idiosincrasia, nos órganos de goberno responsables da toma de decisións**, orientando a súa actuación con arreglo os intereses globales do ámbito da discapacidade, nunca a intereses particulares.
- **Organizar e desenrollar reunións dos órganos de goberno, transparentes e informadas**, con documentación accesible con antelación suficiente para os convocados.
- **Articular estruturas, espazos ou dispositivos de participación e mecanismos que garanticen a participación** dos grupos de interese e na toma de decisións, a planificación e a xestión.
- **Fomentar o consenso** como práctica aplicable na toma de decisións.
- **Tratar a información persoal e privada a que teñamos acceso no noso traballo dentro da legalidade mais estrita**, con escrupuloso cuidado, so para causas xustificadas e gardaremos secreto sobre a información relevante.
- **Articular mecanismos de comunicación interna adecuados** sobre os acordos tomados e dos traballos desplegados, de forma que éstos poidan aplicarse con eficacia e terse presentes.
- **Transmitir e difundir a misión de Adisbismur** e a súa cultura do bo goberno nas súas relacións con terceiros.
- **Promover no seno da organización unha relación baseada na reciprocidade**, a confianza e o apoio mutuo.
- **Dilucidar nosas controversias e litixios dentro dos cauces internos** e coa mellor disposición o diálogo.
- **Desenrollar todos os procesos de seguridade necesarios para garantir o dereito a privacidade das persoas**, especialmente no ámbito das novas tecnoloxías.

	<h2>Código de Bo Goberno</h2>	<p>Edición: 01. Data: 22/09/2023</p>
---	-------------------------------	--

3.- Xestión responsable, excelente e independente.

Adisbismur é unha entidade independente, sin adscripción política, ideolóxica ou partidista, que actúa con plena autonomía e independencia tanto dos poderes públicos como das formacións políticas, as confesións, os grupos de presión, os axentes sociais, as empresas e o resto de operadores e axentes.

A actuación de Adisbismur está presidida pola honradez, a credibilidade e a confianza. A ausencia de ánimo de lucro constitue un valor esencial de Adisbismur.

Adisbismur defende a austeridade na acción, tanto institucional como personal dos seus representantes e das persoas que integran o seu equipo human, no exercizo das súas responsabilidades na organización, todo iso en coherencia coa cultura de Adisbismur.

Adisbismur persigue a excelencia e o bo facer en todas as súas actuacións, buscando a mellora permanente e o incremento da eficiencia e a eficacia na xestión. Todo iso como esixencia, en coherencia coa consideración da calidade dende a perspectiva ética.

COMPROMISOS

As persoas de Adisbismur, su CEE, Xunta Directiva, con responsabilidade institucional e de xestión asumimos unha xestión responsable, excelente e independente, para iso nos comprometemos a:

- **Defender os intereses de Adisbismur** ante os poderes públicos e a sociedade, dende o respecto o conxunto do movemento asociativo da discapacidade globalmente considerado.
- **Velar pola excelencia na xestión** e o bo uso dos recursos propios, públicos e de terceiros, evitando o lucro persoal e evitando recibir dádivas ou regalos de terceiros incompatibles cos usos sociais admisibles pola súa condición de representantes de Adisbismur e aplicando co maior rigor a austeridade e a sobriedade en toda a súa actuación.
- **Elaborar e realizar o seguimento, dun presuposto anual de ingresos e gastos** aprobados polos órganos de goberno.
- **Establecer, na política de persoas procedementos que eviten calquer tipo de discriminación** e aseguren a igualdade de oportunidades e a diversidade impulsando a formación e o desenrrolo profesional continuado, establecendo medidas que permitan a conciliación da vida laboral e persoal, promovendo a contratación de traballadores e traballadoras con discapacidade, a adaptación dos postos de traballo e os axustes razoables do entorno e os procesos laborais.
- **Incorporar o compromiso coa sustentabilidade e a responsabilidade social** no sistema de xestión da organización, establecendo plans de acción operativos para avanzar nestas materias
- **Loitar contra a violencia de xénero**, así como contra calquer forma de acoso, esixindo que se considere incompatible co desempeño de responsabilidades institucionais e de xestión o ser condenado con sentenza firme por violencia de xénero, maltrato a menores, a persoas con discapacidade ou a persoas maiores.
- **Xerar alianzas a outras organizacións** para mellorar a empleabilidade das persoas mais vulnerables e as fórmulas do emprendemento social.
- **Traballar na implantación dos Obxetivos de Desenrrolo Sostible das Nacións Unidas**, relacionados cas nosas áreas de actividade, analizando os posibles impactos negativos de carácter económico, social ou medioambiental da nosa actividade e adotando medidas para mitigar ditos impactos.
- **Desenrrolar o espírito de superación**, de búsqueda da excelencia e da apertura a evolución e a creatividade na nosa actividade profesional, actuando nas nosas decisións co máximo rigor técnico.

	<h2>Código de Bo Goberno</h2>	<p>Edición: 01. Data: 22/09/2023</p>
---	-------------------------------	--

4.- Transparencia e rendición de contas.


A información que transmitamos os nosos socios e a sociedade será clara, accesible e obxetiva.

Adisbismur quere xerar relacións de confianza cos seus grupos de interese, poñendo a súa disposición información sobre aspectos organizativos tales como a razón de ser e os valores da organización, as actividades e o seu impacto, a financiación, o equipo e as políticas de dirección de persoas, a visión que ten a sociedade.

COMPROMISOS

A Xunta Directiva de Adisbismur con responsabilidade institucional e de xestión incorporaremos o principio de transparencia en todos os nosos ámbitos de actuación e para iso comprometémonos a :

- **Aplicar o principio de transparencia na acción política e de xestión**, así como na elección dos cargos sociais e das mulleres e homes que representan a Adisbismur en institución e organismos externos a entidade.
- **Publicar de maneira clara e accesible a información básica** relativa a composición dos órganos de goberno, Estatutos, propósito e valores da organización, evolución histórica da entidade e normativa de aplicación.
- **Publicitar os datos cuantitativos** sobre o número de centros especiais de emprego e entidades representadas, persoas contratadas na organización e, no seu caso, colaboradores e voluntarios desagregando os datos por xénero, así como as alianzas, redes ou federacións as que pertencemos.
- **Facer pública nosa información económica**, publicando noso presuposto anual (con descripción das principais partidas presupuestarias e información actualizada e comprensible sobre o seu estado de execución), contas anuais (balance situación, conta de resultados e memoria económica), financiadores públicos e privados, convenios suscritos, subvencións públicas recibidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios/as.
- **Publicar toda a información de maneira comprensible, accesible e gratuita**, conforme o principio de accesibilidade universal y diseño para todas as persoas.
- Establecer canles claros e accesibles (correo electrónico, teléfono, redes sociais, etc) a través dos cales os principais grupos de interese poidan contactar con Adisbismur e poidan solicitar información sobre a organización, realizar suxerencias e queixas, etc.

	Código de Bo Goberno	Edición: 01. Data: 22/09/2023
---	-----------------------------	----------------------------------



POLITICA DE LOITA CONTRA O FRAUDE

Declaración institucional de Adisbismur contra o fraude.

Adisbismur, a través desta declaración institucional, quere manifestar o seu compromiso de loita contra o fraude, esixíndose para iso a implementación dos mecanismos estándares mais altos no cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais e declarando a súa adhesión os mais estritos principios de integridade, obxetividade e honestidade, de maneira que a súa actividade sexa percibida por todos os axentes que se relacionan con ela como oposta o fraude e a corrupción en calquera da súas formas.

A totalidade dos membros do seu equipo directivo e persoal asumen e comparten este compromiso, de acordo co Código Ético e Código de bo goberno da entidade, o que se concreta nos principios que han de servir de guía para a súa actuación: coherencia coa a misión e a cultura de Adisbismur; democracia, gobernanza e participación; xestión responsable, excelente e independente; transparencia e rendición de contas.


Adisbismur persigue con esta política consolidar dentro da organización unha cultura que preveña calquer actividade fraudulenta, que facilite a súa detección e que impida a súa consecución, promovendo o desenvolvemento de procedementos efectivos para a xestión destes supostos e incorporando procedementos para denunciar aquelas irregularidades ou sospeitas de fraude que puideran detectarse a través dos canles internos de notificación, sempre dende a mais estrita confidencialidade e protección os denunciante, de acordo coas normas que regulan a materia.

 	Código de Bo Goberno	Edición: 01. Data: 22/09/2023
---	-----------------------------	----------------------------------

O CANAL ÉTICO E DE DENUNCIAS INTERNO

O canal Ético e de denuncias de Adisbismur concíbese como a vía de comunicación interna a través da cal a entidade recibe, xestiona, de forma confidencial e segura, as denuncias (ou comunicacións) realizadas polos membros da mesma ou por outras persoas vinculadas a ela, sobre posibles comportamentos irregulares ou ilícitos das que teñan coñecemento ou haxan sido testigos.

Dito canal axustarase o prescrito pola **Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción** e contará coa regulación interna específica.

	Código de Bo Goberno	Edición: 01. Data: 22/09/2023
---	-----------------------------	----------------------------------

VULNERACIÓN OU INCUMPLIMENTO

Calquer vulneración ou incumplimento deberá ser posto en coñecemento do Consello de Ética a través do canal interno e Ético e de Denuncia para garantir a confidencialidade da información, así como a identidade da persoa que a facilite.

Consecuencias do incumprimento das normas contidas no código.


As previsións contidas neste Código (así como todas as políticas e procedementos e/ou protocolos os que se fai referencia o longo do mesmo) forman parte integrante do modelo de cumprimento normativo instaurado en Adisbismur, sendo por tanto de obrigado cumprimento. De conformidade co anterior, o seu incumprimento xenerará as responsabilidades legais que procedan según a lexislación vixente.

 	Código de Bo Gobierno	Edición: 01. Data: 22/09/2023
---	------------------------------	----------------------------------

SEGUIMIENTO E MODIFICACIÓN.

O seguimento e control da aplicación do Código do Bo Gobierno será competencia do Comité de Ética de Adisbismur, que velará pola súa difusión, coñecemento e interpretación, realizando as recomendacións e propostas que fosen necesarias para mantelo actualizado e mellorar o seu contido.

Calquer modificación do Código de Bo Gobierno requerirá a aprobación da Asamblea Xeral de Adisbismur, a proposta da Xunta Directiva.

 	<h2>Código de Bo Goberno</h2>	Edición: 01. Data: 22/09/2023
---	-------------------------------	----------------------------------

VIXENCIA

O presente Código foi aprobado pola Asamblea Xeral de Adisbismur con data **XX/XX/XXX**, e manterase vixente en tanto en canto non se aprobe a sua modificación.